






Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE DE PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
 GOB/2024/71	 GOB18I00UM	
6S2G 2D1U 0Y36 141P 03JF		
		

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO O DOCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN
TERRA GALEGA VOCAL - HERMIDA RICO, NATALIA
TERRA GALEGA VOCAL - MAURIZ ROMERO, JUAN PABLO
TERRA GALEGA VOCAL - SANTALLA BORREIROS, JOSE IBAN
TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR
TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA
TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE
TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN
PARTIDO POPULAR VOCAL - CASTRILLON PERMUY, GERMAN
PARTIDO POPULAR VOCAL - YAÑEZ FREIRE, NURIA
PARTIDO POPULAR VOCAL - PORTELA PARGA, PEDRO
PARTIDO POPULAR VOCAL - IGLESIAS BLANCO, GONZALO
PARTIDO POPULAR VOCAL - BOUZAMAYOR VILLASUSO, ANA VANESA
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - LEDO DIAZ, OLAIA MARGARITA
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - CARBALLEIRA LOPEZ, EUGENIO
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - MOSQUERA PUENTES, BEATRIZ
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL - ULLA ROCHA, JORGE
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL - DE ARRIBA FERNANDEZ, SILVIA MARIA

Na casa do Concello de Narón, ás 09:30 do doce de setembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa-presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretaria MªAngeles Manteiga Fulgueira, a secretaria substituta.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

NON ASISTE:PARTIDO POPULAR VOCAL - NOVO MOURIZ,
TANIA**SR. INTERVENTOR ACCTAL.:**

D/Dª PABLO FREIJOMIL OJEA

SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:

D/Dª Mª ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA

1 º.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE NARÓN NO POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE, DA EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA. -Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: O xefe do Servizo de Contratación, en relación ao expediente denominado “POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª fase. Solicitude xeral”, elevou a esta Alcaldía-Presidencia, en data 3 de setembro de 2024, o informe-proposta que di:

“Visto o acordo plenario deste Concello, de data 25 de xaneiro de 2024, no que se aproba o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e se aproban os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Investimento	Orzamento
Ampliación da rede de saneamento na parroquia de Sedes-Placente	702.572,52 €
TOTAL	702.572,52 €

Vista, así mesmo, a circular da Excma. Deputación da Coruña, remitida a este Concello con data 3 de xuño de 2024, a través da Plataforma SUBTEL, sobre a elaboración do POS+ ADICIONAL 2/2024 por maior achega da Deputación, na que se sinala a cantidade que lle corresponde a este Concello:

	Concello	Narón	
POS+ AD2/2024	Investimentos (IFS) (mínimo)	Gasto corrente (máximo) ou Investimentos (IFS)	TOTAL
Maior achega provincial	409.471,16	543.606,34	953.077,50

Consultada a Concellería Delegada de Obras, maniféstase a intención deste Concello de non executar, nestes momentos, a obra de “Ampliación da rede de saneamento na parroquia de Sedes-Placente” e, consecuentemente, non acollerse á 1ª fase do POS+ ADICIONAL 2/2024; así como de incluír, no POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª fase, os seguintes investimentos financeiramente sostibles:

Investimento	Orzamento
Reparación asfáltica en camiños de Ferrerías, Corredoira, Rúa San Pedro e Rúa de Soria	111.227,31 €
Reposición de pavimento asfáltico en camiños de Pedregal, Villallonte, A Chousa, Calliqueira e outros	189.121,39 €
Repavimentación con aglomerado en camiños de Cerdeiras, Capilla da O, Ruxida, Río Seco, Carballal e Lodairo	226.062,33 €
Reforzo de rodadura en camiños da Bazón, Borreiros, Borrallada, Redondo, Camiño das Murallas e outros	426.666,47 €
TOTAL	953.077,50 €

Para acometer estes investimentos, quen subscribe elaborou o informe adxunto comprensivo do plan de financiamento, sen que sexa necesaria achega municipal ningunha.

No entanto, será necesaria a tramitación dun expediente de modificación de créditos por xeración, unha vez se aprobe definitivamente o Plan polo ente provincial.

Por todo o anterior e en virtude do artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quen

subscribe eleva á Alcaldía-Presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previo ditame da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1.- “Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2024**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles <u>SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024</u> (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. deauga potable)	Total concello	
Reparación asfáltica en camiños de Ferrerías, Corredoira, Rúa San Pedro e Rúa de Soria	111.227,31 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	111.227,31 €
Reposición de pavimento asfáltico en camiños de Pedregal, Villallonte, A Chousa, Calliqueira e outros	189.121,39 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	189.121,39 €
Repavimentación con aglomerado en camiños de Cerdeiras, Capilla da O, Ruxida, Río Seco, Carballal e Lodairo	226.062,33 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	226.062,33 €
Reforzo de rodadura en camiños da Bazón, Borreiros, Borrallada, Redondo, Camiño das Murallas e outros	426.666,47 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	426.666,47 €
TOTAL	953.077,50 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	953.077,50 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

	Concello	
--	----------	--

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)					
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	953.077,50 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	953.077,50 €
TOTAL	953.077,50 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	953.077,50 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Visto este informe, e a toma de razón da Intervención Xeral coa mesma data (documento de código ICO18I00AI) e visto o ditame favorable por maioría, con 6 abstencións (3 PP; 2 BNG e 1 PSdeG-PSOE) e 5 votos a favor de TEGA da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 09-09-2024 celebrada en sesión extraordinaria, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- “Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2024**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles <u>SI incluídos no Plan Complementario</u> ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
Reparación asfáltica en camiños de Ferrerías, Corredoira, Rúa San Pedro e Rúa de Soria	111.227,31 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	111.227,31 €
Reposición de pavimento asfáltico en camiños de Pedregal, Villallonte, A Chousa, Calliqueira e outros	189.121,39 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	189.121,39 €
Repavimentación con aglomerado en camiños de Cerdeiras, Capilla da O, Ruxida, Río Seco, Carballal e Lodairo	226.062,33 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	226.062,33 €
Reforzo de rodadura en camiños da Bazón, Borreiros, Borrallada, Redondo, Camiño das Murallas e outros	426.666,47 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	426.666,47 €
TOTAL	953.077,50 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	953.077,50 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	

Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)					
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	953.077,50 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	953.077,50 €
TOTAL	953.077,50 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	953.077,50 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, como xa explicamos na comisión correspondente se fai este pleno extraordinario por unha cuestión única e exclusivamente de prazos e como xa se explicou de forma tamén individualizada queda ese que se ía facer na parroquia de Sedes en Placente e se levaba tempo traballando nesta modificación destas inversións que traemos hoxe aquí e por eso traemos a este Pleno para a súa aprobación .

-Sr.Ulla Rocha: grazas. Bo día a todos e a todas. Bueno, pola nosa banda o partido socialista vai votar a favor, cremos que é un proxecto, unha adicación do POS bastante importante por parte de Diputación da Coruña e aposta por complementar e axudar aos distintos concellos da provincia da Coruña e en especial a Narón, que sae bastante beneficiada coa aportación que se fai.

Ao respecto entendemos que por fin, neste caso, nos felicitamos que se dé cumprimento a un acordo plenario, neste caso a moción que presenta o partido socialista emendada co BNG respecto a destinar este POS adicional ao que é o rural de Narón e consideramos que é boa e consideramos incluso que a urxencia é necesaria deste pleno para realizar esta obra porque ao

fin e ao cabo son obras que son necesarias para a xente do rural que ao fin e ao cabo lle mellora as súas condicións.

-Sr.Carballeira López: bo día. Bueno, nós tamén poñemos en valor o que é o POS en sí, e recordemos que é unha ferramenta que se puxo na Deputación polo BNG que pretendía democratizar un pouco os cartos, porque sabemos que Narón doutro xeito se dan os cartos que é a dedo nunca saíu moi ben parado, entónceus bueno, temos aquí outro millón de euros máis, o que sí as propias bases do POS obrigan ao concello a facer uns exercicios democráticos como traelo ao Pleno, e xusto deso quería facer unha reflexión ou que o goberno fixera unha reflexión porque hai que ter en conta.... Creo que o prazo acaba mañá por eso tamén a urxencia do Pleno, no. É certo que aínda que valoramos que todo investimento se faga no rural tal e como decía Ulla, pois unha moción nosa así o pedía pero tamén é certo que quizais se deberían de negociar un pouco máis estes investimentos, no.

Si que é certo, eu mesmo pasaría a mirar todas estas rúas que se van asfaltar e necesitan esta reparación, pero nós temos presentado outros investimentos que pensamos que son necesarios no rural e ao mellor nun momento dado, a oposición que representamos a maioría da poboación de Narón, podemos decidir que estes investimentos que nos presentades non son os mellores e que non salva un POS. É certo que neste caso non temos marxe ningún porque mañá ten que estar presentado; entónceus agradeceríamos que outras veces se nos fale máis do que se está traballando e se nos pregunte sobre o que nós cremos necesario tamén. Lémbremos que hai outras mocións que foron aprobadas como as cubertas da pista de Doso que poderían resultar interesantes.

No pleno anterior se me respondeu, bueno creo que mal respondido, que cando houbera investimentos tamén se farían as obras que están comprometidas para Doso, cando houbera financiamento. Bueno, eso, creo que se debería de tratar con un pouco máis de cuidado estas cousas, todas estas subvencións porque non se poden perder e bueno, xa perdimos algunha máis e creo que facelo con cuidado, con un pouco de mimo a toda a representación que hai no pleno pois sería o máis adecuado.

-Sr.Castrillón Permy: buenos días a todos e a todas. Grazas Sra.alcaldesa.

En relación aos proxectos que se presentan para o POS adicional de 2024, a verdade é que a maioría destas obras que van, pois foron reclamadas polos veciños e incluso dende a oposición, fixemos tamén algunha reclamación e especialmente en varias e por escrito para que se levaran a cabo.

É certo que algunhas veñen xa da lexislatura anterior pero bueno, benvidas veñan e que se faigan e que se cumpla todo....

Estranounos ver cando pedimos as autorizacións que non temos na relación as autorizacións sectoriais que hai que pedir, non sei se están tramitadas, para despois cumprir os prazos e que non se nos retrasen as obras como se está vendo noutros casos, no, e si que é certo que nos gustaría que unha vez que acertaran de verdade nesta ocasión coas direccións de obra, sabe que nós levamos tempo insistindo e reclamando que se faga co servico municipal, con funcionarios públicos porque ao final sería moito mellor para todos e creo e espero e desexo, que dende o noso grupo que se faga un seguimento e control de todas estas obras para que se executen como corresponde e como veñen nos proxectos; e tamén botamos un pouco en falta eses informes técnicos municipais que acompañen a estes proxectos para ver que realmente cumpren, e que son os proxectos que están revisados e comprobados para que ao final non teñamos esas certificacións que tanto problemas nos está dando, no.

E despois tamén botamos un pouco en falta que creo que sería interesante, que hai moitas obras no rural e de feito creo que estamos conformes con elas porque son necesarias, pero que en ningunha delas se habilite ningunha mínima senda para que os veciños do entorno poidan camiñar tranquilamente por esas estradas, no.

Creo que é algo que deberíamos de avanzar e de pensar cara un futuro, xa que nestes proxectos non aparece ningunha pois que teñamos en conta tamén esto no, porque ao final os veciños queren camiñar e queren camiñar seguros, no, e nas estradas do rural tamén temos ocasións.... Ben é certo que nalgunhas ao mellor non é posible pero noutras e especialmente nalgunha destas que veñen aquí, sería posible facer unha pequena senda con pouco máis de orzamento, no, e creo que deberíamos de aproveitar estas ocasións para seguir mellorando e avanzando tamén no rural e todo esto.

Como lles dixen na comisión informativa falta algunha das obras que nós propuxemos, pero bueno, nós imos a votar a favor porque consideramos que van unhas cantas das que nós solicitamos e sobre das que por distintos medios que nos chegan e me imaxino que ao goberno lle chegarán moito máis, que para eso están gobernando no, e que distintos veciños pois reclamaban que se fixeran e terminaran as obras nestes lugares. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: bueno por rematar porque vexo que pode haber unanimidade na decisión de aprobación por parte deste pleno, por unha parte agradecer este tipo de plans que dalgunha forma dan equilibrio de igualdade a todos os concellos como ben dixo neste caso un dos voceiros do BNG e unha das administracións que fai un reparto equitativo e xusto para todos os concellos, e por outra parte tamén poñer en valor o traballo, neste caso, do concelleiro de Obras, me consta que é unha persoa que recorre Narón no día a día, sabe perfectamente como está o estado desas obras e loxicamente se fai un traballo con todas as asociacións para chegar a acordos de por que teñen que ser pois esos e non outros. Bueno, agradecer entón a súa labor e esperemos que sigamos traballando así para que Narón siga adiante.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

Votos a favor:

10 TEGA

5 PP

2 PSdeG-PSOE

Votos en contra: 0

Abstencións:

3 BNG

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 09:42 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo a secretaria substituta que DÁ FE.

V. e pr.